

SERVIZO DE ASESORÍA

WhatsApp



Ferramenta para proporcionar atención inmediata e personalizada para a prevención da violencia de xénero.



Contacta connosco no
608 710 978

Mandándonos un Whatsapp ao teléfono de SUPRime o ConTRoL. Daremos resposta as túas consultas e dúbidas, garantíndoche o anonimato e a privacidade dos teus datos de contacto.

SUPRime o ConTRoL

Programa socioeducativo de prevención da violencia de xénero
2017 - 2018

www.suprimeocontrol.com



info@suprimeocontrol.com

Date de conta Datos e Contas

Que deberías saber sobre a violencia de xénero en adolescentes?

Servizos especializados en atención de emerxencia e protección ante unha situacións de violencia de xénero

016

TELÉFONO
CONTRA EL MALTRATO

Teléfono
M
24h
900 400 273

0 - 9 - 2
POLICÍA LOCAL

112
EMERXENCIAS
GALICIA

062
GUARDIA CIVIL



Date de Conta

QUE É?

Un instrumento de control, dominio e sometemento, exercido polos homes sobre as mulleres.

DE ONDE XORDE?

Baséase no pensamento errado de que o home é superior á muller, e por elo pode dominala.

CAL É O FIN?

Manter o poder masculino dentro da relación, para restar liberdade e independencia á muller.

CANDO COMEZA?

Na adolescencia, cando se inician as primeiras relacións afectivas.

COMO SE MANIFESTA?

Ao comezo da relación os comportamentos violentos son sutís e encubertos, combinándose con mostras de afecto.

QUE XERA?

Unha forte dependencia emocional. É neste punto cando se debe Suprimir o Control. Algunhas reaccións comúns nas rapazas cando viven esta situación son:

- Negar que se está a sufrir violencia de xénero.
- Negar que se necesita axuda.
- Negarse a actuar para mudar a situación.

QUE PODES FACER TI COMO NAI OU PAI?

- Non teñas medo de escoitar a realidade da situación.
- Pregunta por como se sente.
- Comunícate dende a confianza.
- Non a xulgues.
- Evita caer na rabia, na angustia desmedida ou na vergoña.
- Non a culpabilices a ela da situación que está vivindo, ni tampouco te autculpabilices.
- Non fales coa parella da túa filla ou ca súa familia, isto podería complicar a situación.
- Ti non o sabes todo, busca a axuda de persoas expertas.

Datos e Contas

OS MITOS DO AMOR ROMÁNTICO CONTAMINAN AS RELACIÓNS ADOLESCENTES

- O 44% da rapazada opina que **estar namorado/a implica compracer en todo á parella.**
- O 48% dos rapaces e o 41% das rapazas cren que **os celos son un síntoma de querer moito á parella.**
- O 46% da rapazada considera que nunha relación de parella **hai que compartilo todo** sen ter segredos.

OS ROLES E ESTEREOTIPOS SEXISTAS SEGUEN MOI PRESENTES

- O 42% dos rapaces e o 34% das rapazas afirman que **as mozas séntense máis atraídas por homes fortes e virís.**
- O 37% dos rapaces e o 21% das rapazas pensan que moitas das mulleres con camiseta curta e mallas **visten así para provocar.**

AS REDES SOCIAIS CONSTITÚENSE COMO UNHA FERRAMENTA DE CONTROL

- 58% da rapazada ve como algo normal difundir imaxes, vídeos, ou conversas da parella por internet ou a través do móbil **sen o seu consentimento.**
- O 40% dos rapaces e o 30% das rapazas non perciben como conduta de acoso ou control **compartir as contrasinais das redes sociais coa parella.**

AS CONDUTAS TÍPICAS DE RELACIÓNS TÓXICAS MINIMÍZANSE

- O 65% dos rapaces e o 55% das rapazas **non consideran tóxico estar ata moi tarde chateando porque a parella quere.**
- O 69% da rapazada pensa que **os problemas de parella deben superarse sen a axuda de ninguén.**
- O 40% dos rapaces e o 22% das rapazas **non aprecian como tóxico perdoarlle todo á parella por amor.**

Non esquezas que a violencia de xénero comeza con condutas de control.

SUPRime o ConTRoL!